

ALVA MYRDAL

Alva Myrdal naceu o 31 de xaneiro de 1902 na cidade sueca de Upsala. Na súa universidade e na de Estocolmo estudou Humanidades e Socioloxía. En 1924 casou co economista sueco Gunnar Myrdal, Premio Nobel de Economía en 1974, co que formou un excelente tándem profesional.

Myrdal posúe un impresionante currículo diplomático: en 1949 foi nomeada directora da Oficina de Asuntos Sociais da ONU; en 1951 dirixiu o departamento de Ciencias Sociais da UNESCO; entre 1955 e 1961 exerceu como embaixadora do goberno sueco en India, Birmania e Sri Lanka. Nesta carreira no ámbito das relacións internacionais, Myrdal levou a cabo unha loita sen tregua contra o armamentismo e a favor dunha solución pacífica dos conflitos mundiais, converténdose nunha referente respectada a nivel mundial neste asunto. Proba disto é que Myrdal representou ao seu país desde 1962 ata 1973 na Conferencia de Xenebra sobre o Desarme.

Cando voltou a Suecia foi nomeada ministra de Desarme e de Asuntos Eclesiásticos, carteiras desde as que contribuíu á posta en marcha de importantes reformas sociais e á defensa da igualdade para as mulleres. Polas súas aportacións teóricas e prácticas, Alva Myrdal foi unha figura clave na configuración do modelo do Estado de benestar sueco, que culmina nos anos 70 coa transformación da nación dun estado de pobreza e atraso a un modelo a seguir para moitos países europeos polas conquistas logradas.

Recibiu o Premio Nobel da Paz en 1982 pola súa contribución ao movemento de desarme nuclear durante os anos sesenta.

Alva Myrdal, socióloga, política, diplomática e pacifista, é unha das personalidades máis influentes do século XX no seu país. A súa vida estivo marcada por dous obxectivos: a loita contra o armamentismo, especialmente o nuclear e a promoción de importantes reformas sociais en Suecia en favor da clase traballadora, a familia, a infancia, a educación e a igualdade das mulleres.

Víctor Sánchez Nogueira

1º Bacharelato B